

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN MORAL E CATÓLICA

## 4 ANOS INFANTIL

CEIP DE CARNOTA  
CURSO 2021-2022

M<sup>a</sup> Zoila Piñeiro Sendón

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

### -ADAPTACIÓN Ó PROTOCOLO COVID-19

Dadas as circunstancias actuais dadas pola Covid-19, vémonos na necesidade de facer unhas modificacións na metodoloxía, instrumentod de avaliación, e recursos. Botaremos man de posibles circunstancias que se poidan dar con respecto a modo de impartir as clases (presencial, semi-presencial, on line) Sendo que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

O ensino da Relixión Católica axudará aos alumnos/as a ampliar os espazos da racionalidade e a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta.

#### - Análise do contorno.

O CEIP DE CARNOTA está ubicado na capital do concello. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-550, de Fisterra a Santiago. Dista a uns 70 quilómetros da capital da provincia.

A poboación desprázase habitualmente a Cee e Muros onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, xulgado, etc. A poboación está concentrada en diversos núcleos de poboación non moi distanciados.

Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. Hai pais e nais teñen estudos primarios, algúns ata teñen estudos secundarios e incluso universitarios. Hainos que traballan por conta allea.

As actividades económicas, maioritariamente, están relacionadas con mar e servizos.

O centro está adscrito ao IES “Lamas de Castelo” de Cee.

- Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Carnota preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: aula de informática e de medios audiovisuais; sala de mestres; comedor; conserxerías; servizos; aula de música; aula de Audición e Linguaxe; aula para alumnos/as con necesidades educativas especiais; biblioteca ;as tres aulas dos tres cursos de Educación Infantil; as dúas aulas de sexto de Educación Primaria.

-Segundo andar do edificio do colexio: con seis aulas destinadas ós outros cursos de Educación Primaria; aula de Inglés; aula de Orientación.

-Patio cuberto.

-Patio de recreo, con xogos infantís.

-Edificio anexo ou ximnasio.

## 2. Distribución trimestral de obxectivos/competencias, contidos e criterios de avaliación

### PRIMEIRO TRIMESTRE

OBXECTIVOS / COMPETENCIAS
<ul style="list-style-type: none"><li>• Coñecer e interpretar o relato bíblico da Creación. (CCL)</li><li>• Coñecer e interpretar os relatos bíblicos relacionados co Nadal. (CCL)</li><li>• Adquirir hábitos de autonomía no coidado do propio corpo. (AA)</li><li>• Identificar as actitudes dos personaxes principais do relato do nacemento de Xesús. (CEC)</li><li>• Valorar e analizar obras de arte de temática relixiosa. (CSC)</li><li>• Amosar gratitude pola beleza da natureza e polas persoas que nos coidan. (SIE)</li><li>• Participar na preparación das celebracións do Nadal e na elaboración dun nacemento. (SIE)</li><li>• Identificar accións relacionadas co coidado da natureza. (CMCBCT)</li></ul>

CONTIDOS
<p><u>Bloque 1. O sentido relixioso do ser humano</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• A beleza da Creación.</li><li>• Gratitude pola natureza, especialmente pola súa beleza.</li><li>• Relato bíblico: <i>Deus crea o mundo</i>.</li><li>• As persoas, responsables de coidar a Creación.</li><li>• Accións para coidar os animais e as plantas. (Educación ambiental)</li><li>• O coidado do propio corpo. (Educación para a saúde)</li></ul>

- Agradecemento e estima polas persoas que nos coidan. (Educación moral e cívica)

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- A Anunciación do anxo a María e o «si» de María.
- Relato bíblico: *O nacemento de Xesús e o anuncio aos pastores.*

### Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- A preparación para celebrar o Nadal.
- Obras de arte relacionadas coa Anunciación.
- Facer felices aos demais, como María. (Educación para a paz)
- O nacemento: detalles e personaxes.
- Os personaxes principais do nacemento.
- Formas de preparar e celebrar o Nadal. (Educación moral e cívica)
- As panxoliñas.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Saber o significado das palabras *Creación, Deus e gratitude* e intuír o seu sentido relixioso.
- Adquirir o gusto polo coidado do seu propio corpo e polo coidado das plantas, dos animais e do bosque como forma de coidar a Creación.
- Apreciar os valores cristiáns de coidado e respecto da Creación, de gratitude ás persoas que nos coidan e de gratitude a Deus pola Creación.
- Saber observar os referentes relixiosos do Nadal da súa contorna, como os nacementos, as panxoliñas e a estrela de Nadal.

- Saber o significado das palabras *Anunciación*, *Virxe María* e *nacemento* e intuír o seu sentido relixioso.
- Respetar os signos e símbolos relixiosos do Nadal da súa contorna e valorar as obras de arte referidas aos relatos do Nadal.
- Adquirir o gusto polos valores do Nadal de facer felices aos demais e axudar aos necesitados.

## SEGUNDO TRIMESTRE

### OBXECTIVOS / COMPETENCIAS

- Identificar a Biblia como o libro que fala de Xesús e coñecer o relato bíblico de Xesús cos nenos. (CCL)
- Coñecer e interpretar o relato en que Xesús lle dá de comer a moita xente. (CCL)
- Comprender o relato bíblico da Última Cea e seleccionar o esencial da súa mensaxe. (CCL)
- Valorar a amizade e aprender a expresar os propios sentimentos cara aos amigos. (AA)
- Recoñecer a Xesús como un bo amigo de todos. (CEC)
- Valorar que Xesús ensina a actitude de compartir. (CEC)
- Comprender o Mandamento do Amor como un valor dos amigos de Xesús. (CEC)
- Observar a presenza da Biblia nas igrexas como un referente relixioso da súa contorna. (CSC)
- Valorar a Eucaristía e o domingo como referentes relixiosos da súa contorna e relacionalos coa Última Cea. (CSC)
- Tomar a iniciativa para comprender a axuda que necesitan as persoas próximas. (SIE)
- Discriminar os alimentos que compartiu Xesús. (CMCBCT)
- Amosar interese por investigar e coñecer a orixe e o proceso de elaboración do pan. (CMCBCT)

## CONTIDOS

### Bloque 1. O sentido relixioso do ser humano

- Admiración e curiosidade pola paisaxe de primavera.
- O crecemento das espigas de trigo como orixe do pan. (Educación ambiental)

### Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Identificación da Biblia como o libro que fala de Xesús.
- Actitude de respecto pola Biblia. (Educación para a paz)

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Relato bíblico: *Xesús quere aos nenos e quere que se lle acheguen.*
- Xesús, bo amigo de todos.
- Relato bíblico: *Xesús dálle de comer a moita xente.*
- Comprensión do relato bíblico: compartir. (Educación moral e cívica)
- Relato bíblico: *A Última Cea de Xesús cos apóstolos, o Mandamento do Amor e a institución da Eucaristía.*

### Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- A importancia de axudar aos amigos.
- Expresión de sentimentos cara aos amigos.
- As actitudes de axudar e compartir, propias dos bos amigos. (Educación moral e cívica)
- Actitude de compartir cos compañeiros.
- Identificación de actitudes de compartir para axudar aos demais. (Educación do consumidor)
- Actitudes para ser feliz.
- Expresión da alegría de compartir.

- A espiga e o pan, símbolos relixiosos.
- A festa dos amigos de Xesús: a Eucaristía do domingo.
- O domingo como festa de Xesús resucitado.
- Xestos de amor como testemuños da mensaxe de Xesús.
- Mostras de gratitude cara ás persoas que nos aman. (Educación moral e cívica)

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Saber observar os referentes relixiosos da súa contorna, como a presenza e importancia da Biblia nas igrexas.
- Saber o significado da palabra *Biblia* e intuír o seu sentido relixioso.
- Adquirir o gusto por axudar aos amigos, compartir con eles e expresar os sentimentos de amizade.
- Apreciar os valores cristiáns de respecto á Biblia e de axuda aos amigos.
- Saber o significado das palabras *compartir* e *felicidade* e intuír o seu sentido relixioso.
- Coñecer, comprender e explicar o relato bíblico no que Xesús lle dá de comer a moita xente.
- Adquirir o gusto por compartir cos compañeiros.
- Apreciar o valor cristián da axuda aos compañeiros nas súas necesidades.
- Saber observar os referentes relixiosos da súa contorna, como a festa do domingo.
- Saber o significado das palabras *espiga*, *pan*, *viño* e *Eucaristía* e intuír o seu sentido relixioso.
- Respectar os signos e símbolos relixiosos da súa contorna, como o pan e o viño da Eucaristía.
- Familiarizarse cunha primeira síntese da fe: Xesús dinos que nos amemos.
- Apreciar os valores cristiáns de amar ás persoas como Xesús e de dar grazas a Xesús polo seu amor.



## TERCEIRO TRIMESTRE

OBXECTIVOS / COMPETENCIAS
<ul style="list-style-type: none"><li>• Interpretar o papel de María na vida de Xesús a partir de diversas escenas bíblicas. (CCL)</li><li>• Coñecer e interpretar o relato bíblico da vida dos primeiros amigos de Xesús. (CCL)</li><li>• Amosar gratitude polo aprendido na clase de Relixión e aprender a celebralo cos compañeiros. (AA)</li><li>• Asimilar como propias as actitudes de axuda e coidado dos demais, propias de María, Nai de Xesús e dos cristiáns. (CEC)</li><li>• Recoñecer a importancia de compartir cos demais e de participar xuntos nas actividades. (CEC)</li><li>• Respetar e valorar as manifestacións relixiosas e culturais da contorna relacionadas coa Virxe María como mostras de gratitude á Nai de Xesús e dos cristiáns. (CSC)</li><li>• Valorar a vida dos cristiáns actuais e relacionala con Xesús e coa vida dos primeiros cristiáns. (CSC)</li><li>• Recoñecer os coidados recibidos e dar mostras de agradecemento. (SIE)</li></ul>

CONTIDOS
<p><u>Bloque 1. O sentido relixioso do ser humano</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• O amor das nais e dos pais cara aos seus fillos. (Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos)</li><li>• Agradecemento ás persoas que os coidan.</li><li>• Identificación das persoas que fan tarefas para coidarnos.</li><li>• Expresión de gratitude polos coidados recibidos. (Educación moral e cívica)</li></ul>

- Recoñecemento de que é mellor participar xuntos nas actividades.
- A felicidade que proporciona compartir. (Educación para a saúde)

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Relato bíblico: *María coida do seu fillo Xesús ao longo da súa vida.*

### Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Celebracións, devocións e obras de arte sobre a Virxe María, Nai de Xesús e Nai dos cristiáns.
- Admiración e respecto pola figura de María.
- Axuda e coidado dos demais, como María coida de Xesús e dos cristiáns. (Educación moral e cívica)
- Relato bíblico: *A vida dos primeiros amigos de Xesús.*
- Os cristiáns comparten, como os primeiros amigos de Xesús. (Educación para a paz)
- A vida dos cristiáns actuais e as diversas actividades nas igrexas.
- A importancia de compartir cos demais. (Educación do consumidor)
- Gratidade polo aprendido na clase de Relixión.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Saber observar os referentes relixiosos da súa contorna, como as devocións marianas e as obras de arte sobre María.
- Saber o significado das palabras *devoción* e *mariana* e intuír o seu sentido relixioso.
- Respectar os signos e símbolos relixiosos da súa contorna referidos á Virxe María.
- Adquirir o gusto por coidar dos demais, como María.
- Apreciar os valores cristiáns de agradecer os coidados, axudar aos compañeiros e mostrar gratidade a

María.

- Saber o significado das palabras *compartir*, *rezar* e *igreja* e intuír o seu sentido relixioso.
- Adquirir o gusto por compartilo todo como os primeiros cristiáns.
- Apreciar os valores cristiáns de compartir cos compañeiros e de gratitude a Xesús.

### 3. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación forma parte da actividade educativa na escola infantil e ten como finalidade a mellora dos procesos que se desenvolven na aula. Avalíanse tanto os procesos de desenvolvemento e de aprendizaxe dos nenos como a adecuación da actuación dos docentes para dar respostas ás súas necesidades.

De forma sintética, podemos afirmar que a avaliación persegue estes fins:

- Comprender como aprenden e maduran os alumnos.
- Coñecer en que momento do desenvolvemento se atopan e decidir que tipo de estímulo convén nese momento.
- Compartir a información relativa ao neno con todos os profesionais e os familiares implicados.
- Facilitar que cada alumno tome conciencia do seu propio proceso de aprendizaxe.

A avaliación en Educación Infantil:

- Ten un **carácter regulador**: deberá ter incidencia no proceso educativo.
- É **continua**: está integrada en todos os momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.
- É **positiva**: valora os progresos individuais.
- É **integrada e diversa**: forma parte da dinámica da escola e ten en conta diferentes fontes de información.
- É **cualitativa**: explica a evolución dos nenos sen cualificalos nin etiquetalos.
- É **participativa**: implica a toda a comunidade educativa.

Teremos en conta o protocolo COVID-19 dependendo en que momento esteamos ó longo do curso. Botaremos man de Aula Virtual, correos electrónicos e wasaps das familias dependendo da situación na que esteamos, se podemos dar clase na aula, ou metade aula metade on line ou totalmente online( na que avaliaremos só o traballo realizado polo alumnado na casa e logo enviado).

## 4. Metodoloxía

### Principios metodolóxicos da Educación Infantil

A metodoloxía é un dos elementos curriculares de máxima importancia para a consecución das intencións educativas. Nela reflíctese todo un conxunto de decisións que informan e definen a práctica escolar. Os principios que deben impregnar as bases metodolóxicas da Educación Infantil son os seguintes:

- **Aprendizaxe significativa.** As aprendizaxes que o neno/a realiza nesta etapa contribuirán ao seu desenvolvemento na medida en que sexan significativas. Para iso, débense establecer relacións entre as experiencias previas e as novas aprendizaxes que se lle ofrecen.
- **Perspectiva globalizadora.** O principio de globalización supón que a aprendizaxe é o produto do establecemento de múltiples relacións entre o novo e o xa aprendido. É, polo tanto, un proceso global de achegamento do individuo á realidade que quere coñecer.
- **O principio de actividade.** As actividades física e mental dos nenos son unha das fontes principais do seu desenvolvemento. A través do xogo, a acción e a experimentación, constrúen eles mesmos as súas aprendizaxes e os seus coñecementos. É imprescindible destacar a importancia do xogo como a actividade propia desta idade. Nel xúntanse, por unha parte, un importante carácter motivador e, pola outra, as posibilidades de globalización que ofrece.
- **Os aspectos afectivos e de relación.** Tendo en conta que a Educación Infantil é unha experiencia nova e especial para todos os nenos, faise necesario crear un clima cálido, acolledor e seguro no que se sintan queridos e confiados e poidan establecer relacións persoais equilibradas tanto cos seus iguais como cos adultos de referencia.
- **A organización adecuada dos espazos, dos recursos materiais e do tempo.** A distribución do espazo debe adecuarse ás variadas e cambiantes necesidades dos nenos. Ademais, débese ofrecer unha gama variada e estimulante de obxectos, xoguetes e materiais que posibiliten múltiples experiencias de manipulación. En canto á distribución do tempo, esta debe respectar as necesidades de afecto, actividade, descanso, alimentación, relación, movemento...
- **Carácter preventivo e compensador de desigualdades.** A Educación Infantil ten un marcado carácter preventivo e compensador. Dada a gran importancia da intervención temperá para evitar problemas e para paliar os existentes, é conveniente a coordinación entre todas as instancias que interveñen no proceso educativo dos nenos con necesidades educativas especiais, así como do alumnado de ambientes desfavorecidos, inmigrantes ou de minorías étnicas.

- **A individualización.** O establecemento dunha relación persoal adecuada e cariñosa é imprescindible para a práctica educativa nestas idades. Hai que axudalos partindo do que viviron para que se produzan repeticións, xeneralizacións e interiorizacións. A intervención educativa baséase na observación e na escoita do que fan, din e senten, respectando sempre as súas necesidades e os seus intereses.
- **As novas tecnoloxías.** É importante recorrer ás novas tecnoloxías e aplicalas no espazo educativo. O seu uso en Educación Infantil debe adaptarse á idade. Ten que lle servir ao neno/a para familiarizarse co vocabulario, os materiais, recursos e ferramentas tecnolóxicas cos que vai traballar agora e en etapas sucesivas.

Teremos en conta a diferentes situacións nas que nos podemos atopar polo motivo da situación na que estamos sobre o COVID-19.

## 5. Organización de espazos e tempos

Na aula a disposición de espazos terase en conta nestes intres a distancia de seguridade entre o alumnado, permitindo que as tarefas sexan tanto individual como en grupo.

É aconsellable ter un horario para tomar conciencia da regularidade das actividades. No entanto, a planificación do tempo tamén debe ser flexible para poder adaptarse a calquera situación imprevista, así como ao ritmo de traballo individual de cada neno/a.

## 6. Materiais e recursos didácticos

Contaremos co tipo de material (funxible, dixital) necesario para poder levar os contidos propostos, tendo en conta a hixienización axeitada dada a situación que estamos a vivir. Estará a disposición do alumnado adecuadamente:

- Fototarxetas de elementos e símbolos relixiosos con fotografías e o nome en cinco idiomas.
- CD coas cancións e os *playbacks* das unidades.
- Murais de contidos.
- Xogos de atención visual.
- Cartóns de roles para o traballo cooperativo.
- Materiais para Os meus amigos da Biblia: murais de escenarios e troqueis de personaxes e elementos bíblicos.

## **Recursos dixitais**

- Libro dixital interactivo.
- App.
- Audios, vídeos e outros recursos multimedia.
- Recursos para a xestión da aula.
- Recursos para a avaliación.